



ASTO: TRASLADO DE CONVOCATORIA A PLENO.

Polo Sr Alcalde, o día da data, ditouse a seguinte:

“ RESOLUCIÓN DE CONVOCATORIA A PLENO.”

De acordo co disposto no art. 46.2 b) da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e 79 do RD 2568/1986, polo que se aproba o regulamento de organización e funcionamento das entidades locais, **RESOLVO:**


- Convocar ós membros do Pleno do Concello á *sesión extraordinaria e urxente* deste que terá lugar o vindeiro día **23 de febreiro de 2017** na Casa do Concello ás **11.00 horas** en primeira convocatoria, ou dous días despois á mesma hora en segunda convocatoria de non obterse quórum suficiente na primeira.

- Fixa-lo seguinte **orde do día:**

- 1) *Aprobación do carácter urxente da sesión.*
- 2) *Posicionamento do Concello a prol de que se adopten medidas de carácter urxente por parte das distintas administracións para o control da praga da polilla guatemalteca na pataca.*


Xinzo de Limia, 21 de febreiro de 2017.

A Secretaria,
Asda. Marta M^a Gómez Ruíz.



RECURSOS: *Contra este resolución, que esgota a vía administrativa, pode interpor alternativamente recurso de reposición potestativo ante o Alcalde de este Concello, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas ou ben interpor directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Si optase por interpor o recurso de de reposición potestativo non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produciu a súa desestimación por silencio.*

Todo elo sen prexuízo de interpor calquera outro recurso que Vd estime máis procedente e sexa conforme a dereito.



ACTA DA REUNIÓN EXTRAORDINARIA URXENTE CELEBRADA POLO PLENARIO MUNICIPAL DE XINZO DE LIMIA O DÍA 23 DE FEBREIRO DE 2017.

ASISTENTES:

CONCELLEIROS/AS:

D. ANTONIO PÉREZ RODRÍGUEZ (PP)
D. MANUEL LÓPEZ CASAS (PP)
D. MANUEL CABAS LÓPEZ (PP)
D. TERESA PUGA IGLESIAS (PP)
D. M. DOLORES CALVO LÓPEZ (PP)
D. SILVIA BLANCO CUQUEJO (PP)
D. MONTSERRAT LAMA NÓVOA (PP)
D. CARLOS GÓMEZ SALGADO (PP)
D. LUIS MIGUEL GIL PENÍN (PP)
D. ELVIRA LAMA FERNÁNDEZ (PSdeG-PSOE)
D. RAFAEL PENABAD GONZÁLEZ (PSdeG-PSOE)
D. EVA ORO VILLARINO (PSdeG-PSOE)
D. MANUEL PÉREZ CAMPOS (Xinzo Adiante)
D. FRANCISCA RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ (Xinzo Adiante)
D. XOSE MIGUEL BARRIOS RODRÍGUEZ (Xinzo Adiante)
D. RAMIRO RODRÍGUEZ SUÁREZ (Grupo Mixto- BNG)

ESCUSA A SÚA ASISTENCIA:

D. JOSE ALBERTO MARTINEZ MORALES (PSdeG-PSOE)

SECRETARÍA:

Dona MARTA M. GÓMEZ RUIZ

ADXUNTA Á SECRETARÍA:

Dona M. DOLORES FERNÁNDEZ SALGADO

En Xinzo, sendo as 11.10horas do día 23/02/2017reúnese en sesión extraordinaria e urxente en primeira convocatoria, o Concello Pleno, baixo a presidencia do Sr. Alcalde, Antonio Pérez Rodríguez, coa asistencia dos Sres./as. Concelleiros/as relacionados na marxe, actuando como Secretaria Dona Marta Mª Gómez Ruíz.

Aos/ás convocados/as á sesión foilles entregada, en tempo, copia da orde do día, poñéndose á súa disposición o expediente desta sesión e cumprindo os trámites que esixe a lexislación vixente.

Polo Sr. Presidente declárase validamente constituída a sesión e a continuación pásase a tratar os asuntos incluídos na orde do día.

ORDE DO DIA:

- 1) Aprobación do carácter urxente da sesión.***
- 2) Posicionamento do Concello a prol de que se adopten medidas de carácter urxente por parte das distintas administracións para o control da praga da polilla guatemalteca na pataca.***

Comprobada a existencia de quórum suficiente para a válida celebración da sesión, o Sr. Presidente declara aberta a sesión.



Seguidamente, procédese ao análise do primeiro punto da orde do día, do seguinte xeito:

1.- APROBACIÓN DO CARÁCTER URXENTE DA SESIÓN.

Apróbase por unanimidade o carácter urxente da sesión.

2.- POSICIONAMENTO DO CONCELLO A PROL DE QUE SE ADOPTEN MEDIDAS DE CARÁCTER URXENTE POR PARTE DAS DISTINTAS ADMINISTRACIÓNS PARA O CONTROL DA PRAGA DA POLILLA GUATEMALTECA NA PATACA.

A Sra. Secretaria procede a dar lectura da Acta da Xunta de Voceiros celebrada o día 22/02/2017, do seguinte teor literal:

“Sendo ás 13.00 horas do día 22 de febreiro de 2017 reúnense na Sala de Xuntas da Casa Consistorial os voceiros dos grupos con representación no Concello de Xinzó de Limia: Manuel López Casas (PP), Elvira Lama Fernández (PSOE), Ramiro Rodríguez Suárez (BNG), e Manuel Pérez Campos (XINZO ADIANTE).

Está presente a Sra. Secretaria, Dona Marta M^a Gómez Ruíz., para recoller en acta o resultado desta reunión.

O Sr. López Casas, Voceiro do grupo municipal (PP) da apertura á reunión que ten por obxecto o asunto único que a continuación se reflicte:

Posicionamento do Concello a prol de que se adopten medidas de carácter urxente por parte das distintas administracións para o control da praga da polilla guatemalteca na pataca.

POSICIONAMENTO DO CONCELLO A PROL DE QUE SE ADOPTEN MEDIDAS DE CARÁCTER URXENTE POR PARTE DAS DISTINTAS ADMINISTRACIÓNS PARA O CONTROL DA PRAGA DA POLILLA GUATEMALTECA NA PATACA.

Tras o debate chégase ao acordo para unha redacción dunha moción conxunta do seguinte teor literal:

“1. Esixir ó Goberno de España a publicación urxente do Decreto que regula as medidas a adoptar para o control e eliminación da praga da polilla guatemalteca “Teciasolanivora, comunmente Couza”.


2. Esixir á Xunta de Galicia para que de forma urxente tomen as medidas que eviten a propagación desa praga na Comarca da Limia.

3. Solicitar á Deputación Provincial para que a través do Centro de Desenvolvemento Agrogandeiro (Instituto do Campo) se realicen as tarefas de análise e asesoramento técnico.

4. Solicitar de tódalas administracións con competencias unha campaña de información a tódolos sectores implicados.”

Sendo ás 13.25 horas dáse por finalizada a reunión, do que eu, como Secretaria dou fe.”

Tras a lectura, ó Sr Alcalde da paso ó debate.



O *Sr Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do Grupo Mixto (BNG)*, manifesta a preocupación do seu grupo polo tema, espera que este toque de atención as administracións implicadas faga que se tomen as medidas indicadas á maior celeridade posible, especialmente por parte da Xunta, dada a problemática que suporía a esta comarca se a praga chega aquí.

O *Sr Manuel Pérez Campos, portavoz do Grupo Municipal Xinzo Adiante*, comparte o que acaba de dicir o seu compañeiro e espera que a praga non chegue a Xinzo. Considera que ata o momento a Xunta fixo un papel de espectadora, e posto que tomar medidas contra esta praga non é fácil a Xunta ten que empezar a traballar.

A *Sra. Elvira Lama Fernández, portavoz do Grupo Municipal Socialista*, agradece a iniciativa dun pleno extraordinario e pide que a resolución desta acordo se escoite tanto na Xunta como no Estado, os cales deberán facer tamén un programa de información, pois non só están en perigo os produtores e envasadores senón tamén os pequenos colleiteiros, co fin de frenar o avance desta praga.

O *Sr. Manuel López Casas, Portavoz do Grupo de Goberno*, comeza agradecendo a boa disposición de todos os grupos municipais para acadar este acordo, quere ademais resaltar o bo talante pois acadouse unha moción consensuada, engadindo que agora lles toca mollarse ás outras administracións para dar resposta á situación e que o Concello estará vixiante en defensa da “pataca”, inda que ata o momento non hai este problema na Comarca.

Por último, o Sr Alcalde indica que as 12:30 do presente día terá lugar unha xuntanza cos técnicos de Medio Rural a fin de que os mesmos leven a cabo unha charla informativa vencellada co presente tema. Asemade, quere resaltar que con este tema se xerou moita alarma social e que é importante non tirar pedras contra ó propio tellado, que esta praga chegou no ano 2015 a Galicia dende Canarias, que en concreto entrou na comarca de Narón e que agora isto está controlado, polo que quere enviar unha mensaxe de tranquilidade a poboación se ben hai que continuar estando vixiantes co tema. Agradece que todos empuxen no mesmo senso e indica que se tomarán todas as medidas necesarias, hoxe tamén se tratará o tema na reunión que se vai celebrar coa conselleira e os técnicos de medio rural, e vamos ser belixerantes porque o tema é moi importante para a economía da comarca, esperando que a praga non chegue aquí, motivo polo que se prega a toma de medidas de maneira urxente. Por último remata dicindo que a pesar do exposto, na nosa comarca non temos este problema, maila o cal vamos estar vixiantes, e que hai que facer valer o produto.

Tras o debate, resulta aprobada, por unanimidade, a moción conxunta, *adoitándose o seguinte acordo:*

POSICIONAMENTO DO CONCELLO A PROL DE QUE SE ADOPTEN MEDIDAS DE CARÁCTER URXENTE POR PARTE DAS DISTINTAS ADMINISTRACIÓNS PARA O CONTROL DA PRAGA DA POLILLA GUATEMALTECA NA PATACA.

“1. Esixir ó Goberno de España a publicación urxente do Decreto que regula as medidas a adoptar para o control e eliminación da plaga da polilla guatemalteca “Teciasolanivora, comunmente Couza”.


2. Esixir á Xunta de Galicia para que de forma urxente tomen as medidas que eviten a propagación desa plaga na Comarca da Limia.

3. Solicitar á Deputación Provincial para que a través do Centro de Desenvolvemento Agrogandeiro (Instituto do Campo) se realicen as tarefas de análise e asesoramento técnico.

4. Solicitar de tódalas administracións con competencias unha campaña de información a tódolos sectores implicados.”

E non tendo máis asuntos a tratar, o Sr. Presidente declarou terminada a reunión cando eran as 11.17 h. do día 23 de febreiro de 2017, e do cal, para constar, se estende a presente acta.

O Alcalde,
Asdo.: Antonio Pérez Rodríguez.



Perante min, a Secretaría,

Asdo.: Marta M^a Gómez Ruíz.

